

# Denominacións do *umbilicus rupestris* no territorio galegófono: unha aproximación a partir dos datos do ALGa (I)\*

*About some denominations for the umbilicus rupestris in the Galician-speaking territory: an analysis based on data from the ALGa (I)*

**Rocío DOURADO FERNÁNDEZ**

Euskal Herriko Unibertsitatea / Universidad del País Vasco  
Universidade de Santiago de Compostela

rocio.dourado@gmail.com

[Recibido 29/02/2012, aceptado 13/04/2012]

## RESUMO

Neste traballo reunimos varias das formas rexistradas no ALGa para denominar a planta coñecida na nomenclatura científica como *Umbilicus rupestris* (Salisb.) Dandy. A partir dun repertorio de máis de cincuenta ítems, elaboramos unha proposta de agrupación baseada en criterios motivacionais e, en menor medida, etimolóxicos. Así mesmo, procuramos contextualizar sempre os datos obtidos dentro do ámbito románico, onde detectamos pautas similares ás que fomos capaces de identificar para o territorio galegófono.

**PALABRAS CHAVE:** dialectoloxía, etimoloxía, lingüística histórica.

DOURADO FERNÁNDEZ, R. (2012): “Denominacións do *Umbilicus rupestris* no territorio galegófono: unha aproximación a partir dos datos do ALGa (I)”, *Madrygal (Madr.)*, 15: 35-44.

## RESUMEN

En este traballo reunimos varias de las formas registradas en el ALGa para denominar la planta conocida en la nomenclatura científica como *Umbilicus rupestris* (Salisb.) Dandy. A partir de un repertorio de más de cincuenta ítems, elaboramos una propuesta de agrupación basada en criterios motivacionales y, en menor medida, etimológicos. Asimismo, procuramos contextualizar siempre los datos obtenidos dentro del ámbito románico, donde detectamos pautas similares a las que hemos sido capaces de identificar para el territorio gallegófono.

**PALABRAS CLAVE:** dialectología, etimología, lingüística histórica.

DOURADO FERNÁNDEZ, R. (2012): “Denominaciones del *Umbilicus rupestris* en el territorio galegófono: una aproximación a partir de los datos do ALGa (I)”, *Madrygal (Madr.)*, 15: 35-44.

## ABSTRACT

In this work we compiled several of the forms registered in the ALGa (*Atlas Lingüístico Galego*) to designate the plant which scientific name is *Umbilicus rupestris* (Salisb.) Dandy. From an index of more than fifty items, we elaborated proposal of grouping based on motivational and, to a lesser extent, etymological criteria. Likewise, we have always tried to contextualize the information obtained inside the Romanic area, where we have detected guidelines similar to those one we have been able to identify in the Galician-speaking territory.

**KEY WORDS:** dialectology, etymology, historical linguistics.

---

\* Este artigo consta de dúas partes. Neste número publícase a primeira, e queda pendente a segunda parte para o número 16 (2013) desta revista.

DOURADO FERNÁNDEZ, R. (2012): "About some denominations for the *Umbilicus rupestris* in the Galician-speaking territory: an analysis based on data from the ALGa (I)", *Madrygal (Madr)*, 15: 35-44.

**SUMARIO:** 1. Introducción. 2. Aproximación etimolóxico-motivacional. 2.1. Couselo e derivados. 2.2. Outras denominacións con motivación común. 3. Referencias bibliográficas.

## 1. INTRODUCCIÓN

Neste traballo<sup>1</sup> imos abordar as diferentes denominacións<sup>2</sup> coas que conta no territorio de lingua galega unha das plantas máis abondosas da flora galega, o *Umbilicus rupestris* (*Salisb.*) *Dandy*<sup>3</sup>.



Fotografía: Gerardo Uz Rodrigues

As características básicas son as que aparecen recollidas na seguinte definición:

Planta perenne glabra y herbácea, de 15 - 03 cm, provista de una cepa de la que surge un tallo erecto y simple por lo común. Las hojas son

carnosas, las basales peltadas, con un peciolo de hasta 25 cm que se inserta en el centro del limbo, de hasta 4 cm de diámetro, de forma redondeada, cóncava y de margen festoneado; a medida que se asciende por el tallo el peciolo disminuye en longitud y la lámina se hace más lanceolada. Las flores son pentámeras y se reúnen en inflorescencias racemosas por lo general, que son casi tan largas como el tallo, y que están provistas en la base de unas brácteas más grandes que el pedicelo que las sustenta, de hasta 5.5 mm. El cáliz consta de 5 sépalos de entre 1 - 2 mm, soldados en la base, de ápice subagudo, más cortos que la corola. Ésta, de color amarillento, mide entre 6 y 9 mm y está formada por 5 pétalos soldados dándole aspecto tubular o casi campanulado; se abre al exterior por 5 lóbulos de hasta casi 2 mm, triangular - ovados, de ápice agudo y con los bordes solapados. El androceo consta de 10 estambres inclusos y el gineceo por un ovario con 5 carpelos libres que están provistos de un estilo bastante corto. El fruto es un polifolículo con varias semillas pardas en el interior. Florece de abril a agosto.

Crece en zonas rocosas, incluyendo muros y techos de casas, tanto en zonas ácidas como básicas, desde el nivel del mar a los 2000 m de altitud. Es característica de comunidades del Orden *Parietarialia* (Clase *Asplenieta trichomanis*), formada por casmofitos o casmocomofitos colonizadoras de peñascos y muros enriquecidos en sustancias nitrogenadas. Tienen distribución holoártica y prosperan en ambientes urbanos y ruderales además de cuevas impregnadas por deyecciones de animales o emanaciones amoniacales que se derivan de las mismas<sup>4</sup>.

É de sinalar que as follas desta planta, tenras e de gusto agradábel, son comestíbeis e téñense empregado con fins medicinais.

A motivación do nome científico dedúcese do significado dos constituíntes do sintagma en cuestión. Así, *Umbilicus* remite ao lat. UMBILICUS, -i 'embigo', 'pequena cuncha plana e branca' (e, por extensión, 'punto central', 'medio'). Efectivamente, as follas do *Umbilicus rupestris* (*Salisb.*) *Dandy* presentan unha estrutura umbilicada, razón pola cal tamén foi chamada *umbigo-*

<sup>1</sup> Agradezo as críticas, achegas e orientacións de Antón Santamarina, Francisco Fernández Rei, Miguel Cuba Taboada, Paulo Martínez Lema e Xosé Afonso Álvarez Pérez durante o desenvolvemento deste artigo.

<sup>2</sup> Todas elas proveñen da recolleita de campo feita en 167 puntos de Galicia, Asturias, León e Zamora entre os anos 1974 e 1976, e algún procedente dunha nova pesquisa para completar os datos en 2008, para o *Atlas Lingüístico Galego* (ALGa), cuxos datos referidos a material fitonímico están aínda inéditos.

<sup>3</sup> Denominacións máis habituais segundo os sistemas taxonómicos: *Cotyledon umbilicus* L. *Cotyledon umbilicus-veneris* auct., non L. *Umbilicus pendulinus* DC. Fonte: Flora digital de Portugal [[http://aguiar.hvr.utad.pt/pt/herbario/cons\\_reg\\_esp.asp?especie=umbilicus&Submit2=Pesquisar](http://aguiar.hvr.utad.pt/pt/herbario/cons_reg_esp.asp?especie=umbilicus&Submit2=Pesquisar)] [Última entrada: 04/05/2012].

<sup>4</sup> Fonte: [asturnatura.com](http://www.asturnatura.com/especie/umbilicus-rupestris.html) [<http://www.asturnatura.com/especie/umbilicus-rupestris.html>] [Última entrada 23/04/2012].

*de-Vénus* en portugués, *nombril-de-Vénus commun* en francés, ou variantes dialectais como *erbo de mounil* (= *herbe du nombril*) en Carcassonne ou *embounil* (= *nombril*) en Corrèze (onde *nombril* remite a un antigo diminutivo \*ŪMBĪLĪCŪLŪS), *ombligo de Venus* en castelán, *ombelico di Venere* en italiano ou *navelwort* ‘herba do embigo’ en inglés. A similitude das follas da planta cunha cuncha, elemento asociado na mitoloxía greco-latina co nacemento da deusa Venus, influíu sen dúbida na intervención das formas derivadas do teónimo en boa parte das denominacións que vimos de mencionar<sup>5</sup>. De feito, a vinculación da planta co embigo reflectíase incluso na denominación hebraica *tabburit*, procedente á súa vez de *tabbur* ‘embigo’.

Por outra parte, tamén se rexistran denominacións como *ombilic des rochers* (ou simplemente *ombilic*) en francés ou *Felsen-Nabelkraut* (literalmente ‘herba con forma de embigo que medra na rocha’) en alemán, que estarían en estreita relación coa forma *rupestris*, derivada do lat. RUPES ‘rocha’ mediante o sufixo -ESTRIS, que denota nacemento ou orixe, co cal o seu significado pode parafrasearse como ‘que habita ou vive na superficie das rochas’.

O *Umbilicus rupestris* (Salisb.) Dandy aparece designado ao longo do territorio galegófono mediante diversas denominacións, cuxa representatividade cuantitativa resulta bastante desigual. Segundo datos aínda inéditos do *Atlas Lingüístico Galego* (ALGa) (pregunta nº 1152, “couselo”), esas denominacións son as seguintes<sup>6</sup>:

1. Arròz<sup>7</sup>
2. Basèlo
3. Bótos

4. Calquizo
5. Campanillas
6. Candelèro
7. Cansèllo, Caroucèlo, Carouquèlo, Causèlo, Causèlo, Conchèlo (6), Consèllo (2), Consuèlo (2), Coucèllo, Coucèllo, Coucèlo (7), Coucèlo (4), Couchèlo, Couchèlo, Couchèrlo, Coucrèlo, Cousèllo, Cousèllo (2), Cousèlo (15), Cousèlo (45), Cousillos, Couxèlo (2), Crouchèlo (2), Crouquèlo (2), Goncèllo
8. Capelêxos
9. Capèlo (6), Capèlo (7), Capèlos
10. Capurucho
11. Caracóis, Caracòl, Caracòles (6)
12. Caramèlo
13. Caripòches
14. Chícharo (3)
15. Chinchís
16. Chôpo
17. Chulêtas, Custilletas
18. Cròquel do valado, Cròqueles, Cròques, Cròques
19. Folla dos sapos
20. Gorro de sapo
21. Herba do punto
22. Ouropêso
23. Pan de lagarto
24. Pimpóllo
25. Porquiño
26. Pucho (4), Pucho de sapo
27. Sombreiro de sapo
28. Tintilôtes
29. Xilo


A súa distribución xeográfica pode verse no mapa que vén a continuación (Mapa 1).

<sup>5</sup> De feito, o lat. *umbilicus Veneris* dáballe nome ao nenúfar, planta cunhas características físicas que tamén permiten relacionala cunha cuncha branca.

<sup>6</sup> A variante predominante nos dicionarios galegos, e tamén no galego estándar a día de hoxe, é a forma *couselo*. De todos os xeitos, o contexto dos repertorios lexicográficos elaborados ao longo dos séculos XIX e XX resulta de interese para documentar outras voces non recollidas nas enquisas do ALGa e que aparecen xunto con formas que, polo menos aparentemente, semellan meras variantes das xa rexistradas. Canto ás primeiras, consultando o DDG, Aníbal Otero recolleu *cusillo* (cfr. *cousillo*) na localidade ancaresa de Suertes, *colcherlo* en Taboada, *conchelo* no lugar de Vilarinho das Azenhas (Portugal), *vaselo* en Seoane e *basielho* en Duas Igrejas (Portugal). Canto ás formas non rexistradas no corpus, xa no s. XVIII o padre Sarmiento documentou formas como *casildo* en Rosmanihal (Portugal), *coixilho* en São Romão (Portugal), *cantarola* (derivado de *cántaro*) en Monés (Ourense), *coupilo* en Val de Matos (Portugal), *choupillo* en Salamonde (San Amaro), *poupilo* en Sobrado de Paiva (Portugal) e *virón* (quizais relacionado con *vira* e *virote* ‘especie de saeta delgada y de punta aguda’) en Celas de Peiro (Culleredo). Pola súa banda, Elixio Rivas rexistra outras formas como *coufrepo* en Sobral (Coles), *caixelo* na Pontenova, *cousarelo* en Vilar de Barrio, *carrouchelo* en Gorgullos (Tordoia) e *coucellón* en Pantón. Leandro Carré aboou a forma *escudete*, voz común ao castelán e que no María Moliner aparece definido como ‘especie de nenúfar’. Na comarca do Eo-Navia (concretamente no concello de El Franco), Acevedo recolleu a voz *coraxellos*.

<sup>7</sup> As indicacións fonéticas para o timbre aberto ou pechado das vogais medias abertas seguen a pauta habitual nestes casos: acento grave (˘) no caso de vogal aberta e acento circunflexo (ˆ) no de vogal pechada.

Mapa 1: Denominación de *Umbilicus rupestris*. Elaboración propia (Rocío Dourado) a partir do mapa 113 Couselo [*Umbilicus rupestris* (Salisb.) Dandy] do ALGa VI



## 2. APROXIMACIÓN ETIMOLÓXICO-MOTIVACIONAL

### 2.1. COUSELO E DERIVADOS

A variante máis utilizada, tal e como acabamos de comprobar, é *cousèlo/cousêlo*<sup>8</sup>, cuxa etimoloxía non está totalmente aclarada a día de hoxe. Nos dicionarios modernos (como o GDXL ou o GDS21), de proporen algún étimo para este termo, optan pola voz latina CALICĒLLŪ(M) ‘cáliz pequeno’, derivado diminutivo de CALIX, CALICIS ‘cáliz, copa redonda’ (do gr. *kályks* ‘envoltorio de flor ou froito’, relacionado co gr. *kalúpto* ‘cubrir,

envolver, agochar’). Porén, esta opinión non é nin moito menos unánime, pois Aníbal Otero (DDG, s.v. COUSELO) relacionábao co latín CAPSA e despois Corominas e Pascual (DCECH, s.v. CAJA) defendían como forma orixinaria o lat. CAPSELLU(M)<sup>9</sup>, cuxa evolución implicaría, á marxe da sistemática simplificación da xeminada -LL-, a vocalización do -P- homosilábico (*causelo*) e o tratamento do ditongo secundario [aw], conforme ás pautas habituais na fonética histórica do romance galego-portugués (*causelo* > *couselo*). Deste xeito, a forma *couselo* sería a realmente etimolóxica, mentres que as demais (vid. número 7 da táboa precedente) explicaríanse como meras

<sup>8</sup> De todos os xeitos, en varios dicionarios galegos (sobre todo nos máis modernos), a forma *couselo* aparece asociada con dúas plantas, coñecidas cos nomes científicos de *Umbilicus rupestris* (Salisb.) Dandy ou *Umbilicus pendulinus* DC. e *Digitalis purpúrea* L.


<sup>9</sup> Forma derivada do lat. CAPSEA ‘caixa’.

variantes xeradas de xeito secundario a partir dela e cuxa distribución xeográfica no territorio galegófono é a mostrada no mapa 2.

Aínda así, a evolución a partir de CALIČĚLLŮ(M) non resulta inverosímil sempre e cando consideremos a síncope do -i- pretónico (\*calcelo) e a vocalización da consoante lateral que pasa a ocupar posición homosilábica (\*calcelo > \*caucelo). A partir desa fase \*caucelo, a evolución a coucelo sería plenamente asumíbel. Segundo Ferreiro (1999: 164, n. 180), a tendencia nestes casos é o mantemento da consoante lateral (como en CALĪDŪ > caldo ou SALICARIŪ > salgueiro), mais a evolución indicada para CALIČĚLLŮ(M) representaría un tratamento alternativo observábel aínda noutras formas como \*PUL-LITRU > arcaico *poutro* (vs. gal. moderno *poldro*), AD-COLLOCARE > \*acolgar > acougar e similares.

Á verosimilitude fonética do proceso evolutivo que acabamos de reconstruír cómpre engadir outros datos que servirían para apoiar a hipótese dun étimo como CALIČĚLLŮ(M). Así, as formas propias do sardo remiten sen dúbida ao lat. CALIX, CALICIS, tal e como vemos nas entradas do DLS: *calichemúru, calighemuru, calixemuru, càlixi de muru*, nas que se recoñece unha base ligada ao sardo *càliche / càlighè / càligi / càlixi* (< CALICE) “zenia de isterzu, unu pagu e pro su prus a zisa de imbudu, bonu, bellu, que si ponet cosa a bufare, mannitu su de sa Missa, minoreddu pro licores”, referido a un tipo de vaixela con forma de funil onde o tamaño varía dependendo do seu uso, sendo de maior tamaño o empregado na igrexa (cáliz) que o empregado en usos máis domésticos como recipiente para os licores.

Mapa 2: *couselo* e derivados.  
Elaboración propia (Rocio Dourado) a partir do mapa 113 *Couselo* do ALGa VI



De todos os xeitos, e aínda que polo momento non nos imos decantar de maneira tallante por ningunha desas dúas propostas etimolóxicas en concreto, o que si xulgamos evidente é que *couselo*, *causelo*, *coucelo* (tamén documentado no portugués: Houaiss, s.v. COUCELO) e tamén *couxelo*<sup>10</sup> son cognados que remiten en última instancia a un mesmo ítem (sexa CAPSĚLLŪ(M) ou CALĪCĚLLŪ(M)); e outro tanto pode dicirse aínda da forma *consuelo*, para a cal semella probábel defender a interferencia exercida polo substantivo castelán homónimo. Nos casos de *couselo*, *coucelo* e *couxelo* debemos ter en conta a inestabilidade das fricativas sibilantes e a relativa facilidade coa que se produce a confusión entre as consoantes [s] / [θ] / [ʃ]. Aínda así, as formas que presentan o fonema interdental son moi minoritarias no conxunto do material recollido e a forma *couselo* encóntrase moi estendida nas zonas onde o fenómeno do seseo non se rexistra. Debido a isto, poderíamos postular que se ten producido un cruzamento destas formas coa voz *cousa* do que posteriormente xurdiría a variante *couxelo*, coa consecuente palatalización do *s* etimolóxico como acontece noutras formas do léxico común (*xastre*, *xurelo*, etc).

No tocante á variante *causelo*, poderíamos pensar na conservación do ditongo [aw] subseguinte á vocalización do -p- homosilábico na forma CAPSĚLLŪ(M), aínda que non deixa de ser unha explicación até certo punto provisional e que debería apoiarse con outros exemplos análogos dos que polo momento carecemos.

Á mesma serie pertencen de xeito probábel as formas *conchelo* (existente tamén en portugués), *couchelo*, *crouchelo* e *coucherlo*, todas elas caracterizadas pola presenza da consoante africada [tʃ] que parece difícil de explicar como mera alteración fonética espontánea. De feito, talvez poida aducirse (cando menos para algunhas delas) a interferencia do lexema *concha* (< lat. CONCHŪLA), semanticamente conectado con algunhas das acepcións do lat. UMBILICUS, o cal, segundo tivemos ocasión de ver, intervéen en moitas das denominacións romances desta planta. De feito, unha das formas vivas en sardo é *coco(r)ròi*<sup>11</sup>, alusiva non só ao *Umbilicus*

*rupestris* (Salisb.) Dandy senón tamén a unha especie de pan caracterizado pola súa forma de cuncha ('zenia de pane de chivarzu').

Un subgrupo<sup>12</sup> de interpretación quizais máis complexa é o constituído polas formas *carouquelo*, *crouquelo*, *caroucelo* e *coucrelo*, que teñen como trazo aglutinador a presenza dunha consoante vibrante [r]. Esta particularidade fonética, se non é consecuencia dun cambio meramente expresivo, podería deberse á confluencia de denominacións entre a *Umbilicus rupestris* (Salisb.) Dandy e outra planta (a *Digitalis purpurea* L.<sup>13</sup>) que ten, entre outras denominacións, a de *croque*. De feito, as enquisas do ALGa reflicten un certo grao de confusión entre os nomes destas dúas plantas, dato que nos parece significativo. Por outra banda, cremos que a variante máis antiga das que vimos de enumerar debería ser *crouquelo*, a partir da cal poden explicarse de xeito satisfactorio outras como *carouquelo* (por anaptixe, cfr. CONGRU > *congro* / pop. *cóngaro*, CLAUĪCŪLA > *caravilla*...) e *coucrelo* (por metátese, fenómeno bastante frecuente no caso de [r]). Tamén se pode defender unha base léxica común á das variantes xa mencionadas para as formas *couselo*, *consello*, *coucello*, *cansello* e *goncello*, aínda que en todas estas pareceu intervir un sufixo distinto a -ĚLLŪ (> -elo) e máis doadamente identificábel co lat. -ĪCŪLŪ (> -ello). Ademais, nelas detectáronse certos fenómenos fonéticos que non agochan a unidade etimolóxica de todas estas variantes, mais que merecen un comentario. Deste xeito, parece que en *consello*, *cansello* e *goncello* o ditongo secundario [ow] xerou unha consoante nasal antietimolóxica (como CALCĚĀRIŪ > *couceiro* / *concieiro*, \*CAUSŪ > topónimos *Couso* / *Conso*, etc.), o que explica a secuencia [ōŋ] presente na sílaba inicial de todas esas formas. Ademais, para *goncello* debe sinalarse a sonorización da que foi obxecto a consoante oclusiva velar xorda en posición inicial (\**concello* > *goncello*), fenómeno explicábel por motivos fonotáticos e observábel así mesmo noutros ítems léxicos como CAMELLA > *gamela*, CATTŪ > *gato* e similares (Ferreiro 1999: 102-103).

A forma *cousillos*, de implantación territorial moi reducida (só foi aboada no Porriño, no extremo

<sup>10</sup> O portugués coñece unha forma *couxilgo* que en principio podemos relacionar con esta variante *couxelo*.

<sup>11</sup> Outro dato interesante a este respecto é que o galego coñece tamén como nome da planta unha forma *caracol*, animal singularizado pola súa cuncha e cuxa denominación en sardo é, precisamente, *cocorói*.

<sup>12</sup> E que se podería vencellar á forma *coucelo*, en especial a variante *c(r)ouquelo*.

<sup>13</sup> Coa que xa comprobamos que concorre nas definicións lexicográficas máis modernas.

suroccidental de Galicia), tamén parece remitir á mesma base léxica cás variantes anteriores, mais cun constituínte sufixal distinto como é *-illo*.


Por último, hai certas formas das que vimos de comentar que presentan variantes con vogal tónica aberta e pechada, con distribución diatópica: referímonos a *cousêlo / cousèlo, coucêlo / coucèlo, cousêllo / cousèllo* e *couchêlo / couchèlo*, etc. En principio, a explicación máis plausible que se nos ocorre para esta diversidade no timbre vocálico é a acción da metafónica nominal<sup>14</sup> naquelas variantes que presentan vogal tónica pechada.

## 2.2. OUTRAS DENOMINACIÓNS CON MOTIVACIÓN COMÚN

Desde o punto de vista da motivación, ambas as dúas opcións serían posibles, tanto a opción de cáliz como a de caixa, pois a concavidade das follas da planta parece ser o factor decisivo que explica tanto o seu nome galego actual como a

propia denominación científica (*Umbilicus*). Incluso de xeito moi hipotético, de termos en conta as denominacións de menor extensión obtidas nos cuestionarios do ALGa (*capelo* e *carapucho*), poderíamos pensar nun posíbel parentesco co étimo *casula* (lat. CASUBLA(M)) ‘vestidura litúrxica a xeito de capa para introducir a cabeza e aberturas laterais’ (GDXL, s.v. CASULA). Aínda así, a opción máis verosímil parece ser a que parte da relación motivacional cun tipo de cáliz moi aberto onde o seu pé semellaría o pedúnculo da planta e a súa concavidade superior a folla. Moi posibelmente relacionadas con esta motivación de ‘cáliz’ estarían as formas *baselo, botos* e *candelero*, presentes en moita menor medida no territorio estudado. Canto á primeira, *baselo*, rexistrada segundo o ALGa en Lubián (en terras zamoranas de fala galega), atópase ausente dos dicionarios galegos, mais probabelmente haxa que relacionala coas formas *basilios, vasillos, basilicos, vasiellos* ou *vaselos*, nomes cos que

Mapa 3: metafónica *cousêlo/ cousèlo*.  
Elaboración propia (Rocío Dourado) a partir do mapa 113 *Couselo* do ALGa VI



<sup>14</sup> Fenómeno en virtude do cal unha vogal postónica final [o] incide sobre o timbre dunha vogal tónica etimolóxica media aberta, pechándoa un grao.

conta o *Umbilicus rupestris* (Salisb.) Dandy do resto de Zamora (Esgueva e Llamas 2005: 229), así como coas denominacións rexistradas en León: *vasarillos*, *vasos de las paredes*, *vasillo* ou *vasiello* (Esgueva 2002: 222-223), co *basillo* do aragonés<sup>15</sup> ou o *basidro* de Extremadura<sup>16</sup> e co portugués *bacelos*<sup>17</sup>. A variante do portugués, a do aragonés e as formas *basilios* e *basilicos* de Zamora fannos pensar na posibilidade de reducir todas estas formas ao diminutivo latino \*BACILLU ‘pequeno bastón’, a partir do cal podemos explicar tanto o portugués *bacelo* como o seu homógrafo galego *bacelo* ‘vide’, ‘vara cortada dunha vide’. Deste xeito, as denominacións galegas, portuguesas, leonesas, aragonesas e castelás que acabamos de enumerar poderían téselle aplicado ao *Umbilicus rupestris* (Salisb.) Dandy en referencia á forma da súa espiga, que certamente pode evocar unha especie de vara.

Mais aínda habería outra hipotética vía de explicación que entroncaría co que vimos de ver, e que permitiría manter a semellanza cun cáliz como motivación principal. Referímonos á posibilidade de considerarmos a forma portuguesa *bacelos* unha simple variante gráfica de *vaselos*. De supormos isto, teríamos que admitir a acción do betacismo, é dicir, a non distinción entre o fonema fricativo labiodental /v/ e o fonema oclusivo bilabial /b/, confusión, como sabemos, característica dos falares portugueses norteños. Para alén diso, teríamos tamén unha confusión entre as sibilantes que explica a grafía <c> no primeiro caso e <s> no segundo.

O ALGa dá conta da forma *botos* nunha única ocasión na localidade leonesa de Benuza. Quizais se poida relacionar co substantivo *botón*, na súa acepción ‘xema da que sairá unha póla, unha folla ou unha flor; abrocho, anovo, bocho, gomo, gromo, rebento’ e ‘flor que aínda non abriu’ (GDXL, s.v. BOTÓN). De ser certa esta vinculación, a aplicación do termo ao *Umbilicus rupestris* (Salisb.) Dandy deberíase á similitude das protuberancias do seu talo con pequenos agromos ou botóns, explicación que talvez se poida ampliar a outras denominacións desa mesma planta como *pimpollo* ‘vástago o tallo nuevo de las plantas’ (DRAE, s.v. PIMPOLLO). Outra

hipótese, foneticamente máis xustificábel, é relacionar esta denominación co substantivo *boto* ‘odre, recipiente de coiro pequeno para botar viño’ (GDXL, s.v. BOTO), o que conectaría esta designación con outras da mesma planta que tamén parecen basearse en certos tipos de recipientes, como por exemplo o italiano *scodellina* (derivado de *scodella* ‘especie de prato cóncavo’), a forma *escudete* que aboou Leando Carré, ou os termos franceses *godet*<sup>18</sup> ‘petit récipient à boire sans pied ni anse’ (TLFi, s.v. GODET), *écuelle* (derivado de *écuellée* ‘escudela’) ‘petit récipient rond, creux et très évasé, dans lequel on met et mange de la nourriture, notamment des aliments liquides’ (TLFi, s.v. ÉCUELLE) e *gobelet* ‘récipient à boire, plus haut que large, de forme cylindrique ou légèrement évasée, ordinairement sans anse et sans pied’ (TLFi, s.v. GOBELET), ou o occitano *coupèlèto* ‘pequena copa’. Isto, á súa vez, remitiríanos de novo á metáfora do recipiente como motivación destas formas léxicas.

A forma *candelero*, documentada nunha única ocasión na localidade coruñesa de Sada, é un castelanismo que remite ao lat. CANDELA ‘lume’ a través dun derivado creado mediante a adxunción do sufixo -ARĪŪS. Nos dicionarios de galego, tanto a forma *candela* como a correspondente galega *candea*, aparecen recollidas con acepcións do ámbito fitonímico, como ‘Amento, la inflorescencia del castaño y del maíz’ e ‘Candelilla, especie de fleco que echan algunos árboles, como los álamos blancos, abedules y otros, en lugar de flor’ (DEGC, s.v. CANDEA). Xulgamos verosímil que a denominación *candelero* aplicada ao *Umbilicus rupestris* (Salisb.) Dandy teña como motivación o talo espigado da mesma, que lembra as inflorescencias do castiñeiro e do millo, ou mesmo que a metáfora se xustifique, simplemente, pola semellanza entre a planta e un *candelero* ou palmatoria, é dicir, o lugar onde se coloca a candea e que garda unha evidente similitude formal cun cáliz, remitindo máis unha vez á mesma metáfora motivacional presente de xeito homoxéneo por todo o territorio galegófono.

<sup>15</sup> Recollidas no portal do *Anthos*, onde se ofrece información sobre a biodiversidade das plantas de España [<http://www.anthos.es/>] [Última entrada: 03/05/2012].


<sup>16</sup> *Anthos*, ibid.

<sup>17</sup> Forma rexistrada na *Flora Digital de Portugal* do Jardim Botânico da UTAD. [[http://aguiar.hvr.utad.pt/pt/herbario/cons\\_reg.asp](http://aguiar.hvr.utad.pt/pt/herbario/cons_reg.asp)] [Última entrada 03/05/2012]

<sup>18</sup> Aboados por E. Rolland (vid. bibliografía).



Mapa 4: distribución motivacional.  
Elaboración propia (Rocío Dourado) a partir do mapa 113 *Couselo* do ALGa VI



### 3. REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

ALGa VI = FERNÁNDEZ REI, Francisco (coord.) (no prelo): *Atlas Lingüístico Galego: Léxico: Terra. Plantas e árbores*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.

ANTHOS. Sistema de información sobre las plantas de España [<http://www.anthos.es/>].

ASTURNATURA.COM. Naturaleza y turismo, flora y fauna cantábrica [<http://www.asturnatura.com/especie/umbilicus-rupestris.html>].

DCECH = COROMINES, Joan e PASCUAL, José Antonio (1980-1991): *Diccionario crítico etimológico castellano e hispánico*. Madrid: Gredos.

DDG = SANTAMARINA FERNÁNDEZ, Antón (ed.) (2003): *Diccionario de diccionarios* [versión 3]. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.

DEGC = RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, Eladio (1958-1961): *Diccionario enciclopédico gallego-castellano*, 3 vols. Vigo: Galaxia.

DLS = CARBONI, Mariu (cord.) (2000-2010): *Ditzionàriu de sa limba sarda*. Cagliari: Edizioni Condaghes [[www.ditzionariu.org](http://www.ditzionariu.org)].

- DRAE = REAL ACADEMIA ESPAÑOLA (2001): *Diccionario de la lengua española (22ª ed.)*. [<http://www.rae.es/rae.html>].
- ESGUEVA MARTÍNEZ, Manuel e LLAMAS GARCÍA, Félix (2005): *El léxico de la flora silvestre en Zamora. Fitonimia y dialectología*. Madrid: Velecío-Editores.
- ESGUEVA MARTÍNEZ, Manuel (2002<sup>3</sup>): *Las plantas silvestres en León. Estudio de dialectología lingüística*. Madrid: UNED.
- FERREIRO FERNÁNDEZ, Manuel (1999<sup>4</sup>-2001<sup>2</sup>): *Gramática Histórica Galega (I. Fonética e Morfosintaxe)*. A Coruña: Laivento.
- FLORA DIGITAL DE PORTUGAL [[http://aguiar.hvr.utad.pt/pt/herbario/cons\\_reg.asp](http://aguiar.hvr.utad.pt/pt/herbario/cons_reg.asp)].
- GDS21 = PENA, Xosé Antonio (dir.) (2005): *Gran dicionario Século 21 da Lingua Galega*. Vigo: Editorial Galaxia.
- GDXL = CARBALLEIRA ANLLO, Xosé María (coord.) (2009): *Gran Dicionario Xerais da Lingua*. Vigo: Xerais.
- HOUAISS, Antônio *et alii* (dirs.) (2001): *Dicionário Houaiss da língua portuguesa*. Rio de Janeiro: Objetiva.
- MOLINER, María (2007<sup>3</sup>): *Diccionario de uso del español*. Madrid: Gredos.
- ROLLAND, Eugène (1896-1911): *Flore populaire ou Histoire naturelle des llantes dans leurs rapports avec la linguistique et le folklore*, 11 vols. Paris: Librairie Rolland.
- TLFi = IMBS, Paul e QUEMADA, Bernard (dirs.) (1971-1994): *Trésor de la Langue Française informatisé. Dictionnaire de la langue du XIXe et du XXe siècle (1989-1960)*, 16 vols. Paris: Éditions du CNRS / Gallimard [<http://atilf.atilf.fr/tlf.htm>].